

# CINCO RATIÑOS

Texto e ilustracións de MARIA GIRÓN

Tradución de MANUELA RODRÍGUEZ

Encadernado en cartoné. 22 x 22 cm. 36 páx. 14 €

**Cinco ratiños** (galego)

ISBN 978-84-1343-293-9. Álbum ilustrado. Demademora.

**Cinco ratoncitos** (castelán)

ISBN 978-84-1343-294-6. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Cinc ratolins** (català)

ISBN 978-84-18558-93-1. Àlbum il·lustrat: Obres d'autor/a.

**Bost sagutxo** (euskarra)

ISBN 978-84-9172-382-0. Album irudidunak. Egile lanak.

**Cinco ratinhos** (portugués)

ISBN 978-989-749-183-2. Álbum ilustrado. Obras de autor/a.

**Cinque topolini** (italiano)

ISBN 978-84-1343-295-3. Albo illustrato. Gli albi di autore.

Félix é un ratiño gris de campo que vive nun tobo cos seus irmáns.

Son 1, 2, 3, 4, 5 ratiños.

É a hora da merenda. Félix move os bigotes e sae disparado.

—Félix, onde vas?


—Notei un rico olor coa punta do nariz. Vinde! Vinde comigo, seguiremos este camiño...

Un álbum ideal para contar cara adiante e cara atrás, que remite aos grandes temas e estruturas da tradición oral.

As aventuras de Félix e dos seus irmáns, cuxos nomes tamén empezan pola letra F, comezan nos túneles do seu tobo, que nos revelan un abraiente mundo subterráneo cheo de tesouros —chaves, bolas, pinzas, xoguetes...— en cada recuncho. Atravesando un buratiño na parede, os seus pasos continúan no interior dunha casa, onde lles agardan más peripecias, entre deliciosos manxares (e afiados perigos).

Un caramel, uns flocos de millo, uns amorodos... o rico olor destas e doutras viandas guía o larpeiro instinto dos «Cinco ratiños» que protagonizan esta divertida e trepidante historia de María Girón. Trátase dunha breve e arriscada excursión que transcorre contando do 1 ao 5 en sentido ascendente e descendente. Outros aspectos que denotan a influencia dos contos tradicionais son a estrutura repetitiva do texto e a súa cercanía á oralidade, xunto co ritmo e a axilidade do relato sumando e restando personaxes. Unha obra que, ademais, representa o valor da audacia e o triunfo do animal pequeno fronte ao grande.

O dinamismo narrativo esténdese ás ilustracións: estes inquietos roedores están en constante movemento, sobre todo cando teñen que desandar o camiño cunhas poutas e uns cairos pisándolles os calcañares (e a cola). A proposta gráfica destaca polo colorido cálido e luminoso, a variedade de perspectivas, a abundancia de detalles relacionados coa contorna doméstica e o insólito escenario ao que chega o ratiño que encabeza a expedición.



MARIA GIRÓN

## Cinco ratiños


- **Temática:** os números do 1 ao 5 en sentido crecente e decrecente.
- **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.
- **Aspectos destacables:** sumar e restar; comida, cores, ratos, natureza; aventuras, valentía, supervivencia; humor; da autora de «*Bim Bam Bum*» (XVII Premio Compostela) e ilustradora de «*Miña Guía, Meu Capitán*» (Premio Fundación Cuatrogatos 2021, selección IBBY 2023), «*Os migrantes*», «*Cos brazos abertos*» e «*Paraules de caramel*» (KALANDRAKA).
- **Avance do libro:**  
[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/cinco\\_ratinhos-g](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/cinco_ratinhos-g)
- **En Kalandraka TV:**  
<https://kalandraka.tv/gl/videos/cincoratinos/>

### María Girón

(Barcelona, 1983)

Estudou Belas Artes na Universidade de Barcelona, completou a súa formación en Boloña e Sevilla e, de volta na Cidade Condal, especializouse en ilustración na Escola Llotja. Ilustrou numerosos libros que foron traducidos a distintas linguas. En 2010 foi seleccionada pola Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña para participar nunha exposición colectiva sobre Gianni Rodari. Para esta mesma feira volveu colaborar, en 2017, noutra mostra dedicada á cultura catalá. Con «*Bim Bam Bum*» gañou o XVII Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado.

<https://www.instagram.com/mariagiron.lou/>



[www.Kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)  
comunicacion@kalandraka.com